



ANUNCIO

Con data 13 de outubro 2017 asínase Resolución de Alcaldía que, a continuación, se transcribe:

"RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Procedida pola Mesa de Contratación para o "Servizo de Limpeza Viaria do Concello de Tui" á apertura do sobre nº 1, documentación administrativa, con data 9 de outubro 2017, requírese á empresa TALHER, S.A. subsanación de documentación no relativo ao apartado 6º de declaración responsable presentada.

Con data 13/10/2017, R.E. nº 9573, preséntase pola empresa TALHER, S.A. documentación requirida.

Co fin de continuar coa tramitación do expediente, e de conformidade coas facultades que me confire a lexislación vixente e ó abeiro do prego de cláusulas administrativas aprobado para a contratación, por procedemento aberto, *suxeito a regulación armonizada*, con multiplicidade de criterios de valoración, esta Alcaldía **RESOLVE:**

PRIMEIRO.- Convocar á Mesa de Contratación para o **luns, día 16 de outubro de 2017, ás dez horas e trinta minutos, en sesión non pública**, na Sala de Concelleiros do concello, co obxecto de verificar a documentación presentada pola empresa requirida TALHER, S.A. e acordo das empresas admitidas á licitación.

SEGUNDO.- O mesmo **luns, día 16 de outubro de 2017**, se procederá en sesión pública no Salón de Sesións do concello, **ás dez horas e corenta e cinco minutos**, á apertura do **sobre nº 2 , criterios que dependen dun xuízo de valor.**

TERCEIRO.- Facer pública a presente convocatoria mediante a súa publicación no Taboleiro de anuncios do Concello e no perfil do contratante.

CUARTO.- Dar traslado da presente Resolución de Alcaldía aos membros da Mesa de Contratación designados e ó Pleno Corporativo na vindeira sesión que se celebre."

O que se publica aos efectos oportunos.
En Tui, o Alcalde, Enrique Cabaleiro González.
Documento asinado dixitalmente á marxe.